

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o catro de novembro do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Juan Anta Rodríguez, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.^a Villarino Pardo e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º), e don Juan Anta Rodríguez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2016.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte de outubro de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, coa seguinte observación:

Unha vez observados erros materiais nas relacións de facturas correspondentes ós puntos 25, 26 e 27 da orde do día, e tendo en conta o que dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, determínase que polo Servizo de Intervención se proceda á súa corrección, coa incorporación á referenciada acta do 20 de outubro actual, que se somete a aprobación.

2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2016 (2ª CONVOCATORIA).- No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 12.00 horas, do día 30 de setembro de 2016, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2016-2ª convocatoria (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

39, do 18 de febreiro de 2016) integrada conforme co establecido na base 7ª da dita convocatoria. En dita sesión formulouse proposta provisional do concurso.

Con data 14 de outubro de 2016 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e coa base sexta da convocatoria.

Durante o prazo concedido non se presentou ningunha alegación polo que, de acordo co disposto na base sexta das que regulan a convocatoria, a proposta provisional considérase definitiva.

Baseándose no anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Non admitir a trámite a seguinte solicitude, por non presentar a correspondente documentación valorable, non sendo esta emendable.

Asociación Sociocultural de Senderismo da Limia	G-32260804
---	------------

2º) Excluir da valoración e, en consecuencia, denegarlle a concesión de subvención ás seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

2.1. Por non tratarse dun evento puntual, senón dunha liga.

Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	G-32461220	Carreiras de Cabalos de Galope e Trote
--	------------	--

2.2. Por contemplarse no seu orzamento de ingresos unha contía superior aos gastos da actividade (artigo 19.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións) que dispón “...o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada...”

16	Club Deportivo P21 padel Club	G-32419699	Campionato Galego clubs 2ª categoría masculina e feminina
18	Club Deportivo P21 padel Club	G-32419699	Campionato Provincial Absoluto masculino e feminino

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

3º) Concederlles, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	ACTIVIDADE	CIF	PROPOSTA
Club Deportivo Open	OHF-Torneo Internac. Veteranos de Hockey Herba	G-32321325	1.500,00 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	Torneo Nadal Ximnasia 2016	G-32346751	1.233,00 €
Club Santo Domingo	Torneo Tenis "Open Banco alimentos Primavera	G-32004244	915,00 €
AD Bosco	I Torneo de Nadal Don Bosco	G32147357	888,00 €
C. Atletismo Guillelme Brown	Cross Guillelme Brown	G-32438962	660,00 €
Verín Club de Fútbol	Torneo Internacional Eurocidade-Chaves-Verín	G-32010431	798,00 €
AD Bosco	V Torneo de Minibasket Don Bosco	G32147357	693,00 €
Ruby Ourense Keltia	I Torneo Triangular de Rugby Ourense Keltia	G32452450	591,00 €
Federación Galega de Loita	Comp. Adaptada deporte base Loitas Olímpicas	V36651081	579,00 €
Ruby Ourense Keltia	I Torneo Rugby 7 nocturno	G32452450	432,00 €
Club Voleibol Ourense	Campionato Galego Xuvenil Feminino de Voleibol	G32146391	408,00 €
Club Athlos	VII Campionato Galego Sub-9 e Sub15 Badminton	G32028292	288,00 €
Club Burgas Voleibol	Campionato Galego Xuvenil Masculino de Voleibol	G32432130	358,00 €
Club Voleibol Ourense	Campionato Galego Senior Feminino de Voleibol	G32146391	427,00 €
Sociedade Deportiva Piñor	I Torneo de Fútbol 3 Concello de Piñor	G32396376	293,00 €
Club Burgas Voleibol	Campionato Galego Senior Masculino de Voleibol	G32432130	219,00 €
Asociación Xuvenil Amencer	Andaina Solidaria Campamento Urbano	G-32025405	218,00 €
Club Deportivo P21 Padel Club	IV Torneo Solidario Infantil	G-32419699	207,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

		TOTAL	10.706 €
--	--	-------	----------

4º) **Amplia-lo** prazo de xustificación ata o día 15 de decembro de 2016, debido ó atraso na tramitación deste procedemento.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A ALBOR.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 924.12/789.01 unha subvención nominativa, por importe de 2.000,00 euros, a favor de Albor, para reformas no local social da entidade.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Albor, nos seguintes termos:

-Importe: 2.000,00 €.

-Obxecto: reformas no local social da entidade.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE ENTRENADORES DE FÚTBOL AFIADOR.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.14 unha subvención nominativa, por importe de 1.200,00 euros, a favor da Asociación de Entrenadores de Fútbol Afiador, para gastos de funcionamento correspondentes á tempada 2015-2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación de Entrenadores de Fútbol Afiador, nos seguintes termos:

-Importe: 1.200,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento correspondentes á tempada 2015-2016.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

5.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo ás aplicacións orzamentarias 341.11/482.09 e 341.11/482.08 as cantidades de 4.500,00 euros e 42.500,00 euros, respectivamente, a favor da Federación Galega de Fútbol, para a promoción do fútbol, consistente na posta en marcha e cofinanciamento dunha escola provincial de base nesta modalidade deportiva, e a organización e cofinanciamento da Copa Deputación 2015-2016.

Unha vez visto o convenio de colaboración entre a Federación Galega de Fútbol e a Deputación Provincial de Ourense, no que figura que esta Deputación achegará as seguintes axudas:

1.- Unha axuda, por importe de 1.250,00 euros, para a posta en marcha e cofinanciamento dunha escola provincial de base de fútbol.

2.- Unha axuda, por importe de 42.500,00 euros, para a organización e cofinanciamento da Copa Deputación 2015-2016.

A **Xunta de Goberno**, de conformidade coa proposta formulada, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o convenio de colaboración entre a Federación Galega de Fútbol e a Deputación Provincial de Ourense, firmado con data 15 de xuño de 2016, co seguinte detalle por actividades:

Actividades	Orzamento
Posta en marcha e cofinanciamento dunha escola provincial de base de fútbol	1.250,00 €
Organización e cofinanciamento da Copa Deputación 2015-2016	42.500,00 €
Total	43.750,00 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

Segundo.- A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada de cada unha das actividades que figuran no apartado primeiro, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Terceiro.- O prazo de xustificación é ata o día 15 de decembro de 2016

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE ALLARIZ.- No Pleno, con data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 46.208/334.20, a cantidade de 15.000,00 euros, a favor do Concello de Allariz, para o Festival Internacional de Xardíns correspondente ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención ao Concello de Allariz, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: Festival Internacional de Xardíns correspondente ao ano 2016.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 12.600,00 euros, a favor do Concello de Bande, para redacción do proxecto básico da obra de urbanización do acceso e contorna da capela visigótica de Santa Comba.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 12.600,00.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Obxecto: redacción do proxecto básico da obra de urbanización do acceso e contorna da Capela Visigótica de Santa Comba.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto á actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LAZA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 59.000,00 euros, a favor do Concello de Laza, para canalización de liña de media tensión subterránea para subministración eléctrica ao parque de aventura de Laza.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Laza, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Importe: 59.000,00 euros.

-Obxecto: para canalización de liña de media tensión subterránea para subministración eléctrica ao parque de aventura de Laza.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto á actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LOBEIRA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Lobeira, para traballos medioambientais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Lobeira, nos seguintes termos:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Importe: 10.000,00.

-Obxecto: traballos medioambientais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe da subvención concedida.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LOBEIRA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 9.000,00 euros, a favor do Concello de Lobeira, para brigada medioambiental.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Lobeira, nos seguintes termos:

-Importe: 9.000,00.

-Obxecto brigada medioambiental.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe da subvención concedida.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PADRENDA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor do Concello de Padrenda, para arranxo de depuradora.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, por importe de 14.780.00 euros, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Padrenda, nos seguintes termos:

-Importe: 14.780.00 euros.

-Obxecto: arranxo de depuradora.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PIÑOR.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Piñor, para adquisición dunha carpa para celebración de eventos.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Piñor, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00.

-Obxecto: adquisición dunha carpa para celebración de eventos.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos,:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PORQUEIRA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Porqueira, para adaptación de velorios municipais.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Porqueira, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00.

-Obxecto: adaptación de velorios municipais.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor do Concello de San Cristovo de Cea, para arranxo do palco da música.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: arranxo palco da música.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SARREAUS.- No Pleno, con data 29 de xullo de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 4/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 12.000,00 euros, a favor do Concello de Sarreaus, para os velorios de Sarreaus e Cortegada.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Sarreaus, nos seguintes termos:

-Importe: 12.000,00.

-Obxecto: acondicionamento dos velorios de Sarreaus e Cortegada.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos,:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

16.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia dos asuntos, por non figurar incluídos na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou os seguintes acordos:

16.a) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN.- No Pleno, con data 29 de xaneiro de 2016, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2016, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor do Concello de Avión, para diversas actuacións e investimentos municipais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e trala declaración previa da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**,

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00

-Obxecto: diversas actuacións e investimentos municipais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe dos proxectos que serviron de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2016.

16.b) DECLARACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.-

A Deputación de Ourense, no marco do Día internacional para a eliminación da violencia de xénero, o 25 de novembro, quere expresar a súa máis enérxica denuncia e condena a calquera tipo de violencia que se exerza contra a muller, comprometéndose como institución pública e representante da sociedade a traballar para poñer fin a todo tipo de discriminación en razón de sexo.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 4 de novembro de 2016

Unha sociedade igualitaria e defensora dos dereitos fundamentais non pode tolerar o insulto, o menosprezo, a humillación e maila agresión ás mulleres, cando non o asasinato, como ten ocorrido en 76 casos no que vai deste ano.

Máis que unha cifra, o número de mulleres que perderon a vida pola sen razón das súas parellas ou ex parellas ten que nos servir para afondar no compromiso social contra este tipo de violencia, non só na súa máis dramática expresión, senón contra aquelas actitudes que supoñan violar dereitos básicos como a igualdade e o respecto ás persoas.

Se a sociedade está chamada a ter un papel esencial na loita contra a violencia de xénero, as institucións públicas teñen a obriga de poñer todos os medios necesarios para acabar con esta lacra, sexa dende o ámbito educativo, impulsando a concienciación cidadá para eliminar estereotipos sen sentido ou facendo que a xustiza sexa implacable contra os maltratadores.

A Deputación de Ourense reafirma o seu compromiso na tarefa de concienciación da nosa sociedade e de promoción dos valores máis elementais no respecto ás persoas e, nomeadamente, ás mulleres, facendo súa unha prioridade básica como é rematar coa violencia de xénero.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

18.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día catro de novembro do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,